



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O  
DÍA 20 DE FEBREIRO DE 2020**

**ALCALDE**

D. Mariano Iglesias Castro.

**CONCELLEIROS/AS:**

PSdeG-PSOE:

D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Manuel Blanco López.

D. José Fernando García Lesta.

PP:

D. Javier López Vázquez.

BNG:

D<sup>a</sup> Beatriz Louro López.

**Non asisten e se escusan:**

PSdeG-PSOE:

D<sup>a</sup> María Amparo García Pernas.

D. José Bello López.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

**SECRETARIO - INTERVENTOR :**

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 20 de febreiro de 2020, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratar os seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

**1. APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2020.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

*“PROPOSTA DE PRESIDENCIA Ó CONCELLO PLENO*



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2020/G010/000002

## APROBACION INICIAL ORZAMENTO 2020.

Visto o Orzamento do Concello para o exercicio económico 2020 formado por esta Alcaldía, coas suas bases de execución, anexos preceptivos e documentación complementaria, e a plantilla de persoal para o exercicio 2020, de acordo co disposto no artigo 162 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia co artigo 18 do Real Decreto 500/1990 e a Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, e vistos os informes de estabilidade e de secretaría-intervención; propoño ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente, de conformidade co establecido no artigo 112 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 168 do texto refundido, o Orzamento Xeral do Concello de Mesía para o exercicio 2020, que inclúe as súas Bases de Execución e demais documentación preceptiva, e que presenta, como resumo por capítulos orzamentarios, o seguinte desglose. Conxuntamente apróbase inicialmente a plantilla de persoal correspondente o exercicio 2020.

A) INGRESOS, RESUMO POR CAPÍTULO		
1. OPERACIÓN CORRENTES		
CAPÍTULO I	IMPOSTOS DIRECTOS	434.400,00 €
CAPÍTULO II	IMPOSTOS INDIRECTOS	50.000,00 €
CAPÍTULO III	TAXAS E OUTROS INGRESOS	259.003,44 €
CAPÍTULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.219.976,92€
CAPÍTULO V	INGRESOS PATRIMONIAIS	7.100,00 €
TOTAL OPERACIÓN CORRENTES:		1.970.480,36 €
2. OPERACIÓN DE CAPITAL		
CAPÍTULO VI	ENAXENACIÓN INVESTIMENTOS REAIS	0,00 €
CAPÍTULO VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	528.985,35€
CAPÍTULO VIII	ACTIVOS FINANCIEROS	2.000,00 €
CAPÍTULO IX	PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL:		530.985,35 €
TOTAL ORZAMENTO INGRESOS		2.501.465,71 €

B) GASTOS, RESUMO POR CAPÍTULO		
1. OPERACIÓN CORRENTES		
CAPÍTULO I	GASTOS DE PERSONAL	874.490,41 €
CAPÍTULO II	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	872.716,79 €
CAPÍTULO III	GASTOS FINANCIEROS	500,00 €
CAPÍTULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	48.784,17 €
TOTAL OPERACIÓN CORRENTES:		1.796.491,37€
2. OPERACIÓN DE CAPITAL		
CAPÍTULO VI	INVESTIMENTOS REAIS	702.974,34 €
CAPÍTULO VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €
CAPÍTULO VIII	ACTIVOS FINANCIEROS	2.000,00 €
CAPÍTULO IX	PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL:		704.974,34 €
TOTAL ORZAMENTO GASTOS		2.501.465,71



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2020/G010/000002

## PLANTILLA DE PERSOAL DO CONCELLO DE MESÍA

### A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Funcionarios	Nº de Prazas	Grupo	Escala o Sector	Nivel	Situación
Secretario- Interventor	1	A1/A2	HE	30/28	Propiedade
Administrativo	1	C1	A.Xeral	22	Propiedade
Administrativo	1	C1	A. Xeral	22	Propiedade
Subalterno	1	E	A.Xeral	14	Propiedade

### B) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Denominación	Nº de Prazas	Vacantes
Técnico especialista en redes	1	0
Peón-condutor	2	0
Asistente domiciliaria	1	0
Encargada da limpeza	1	0
Limpadora	2	0
Conserxe do colexio	1	0
Peón	4	1
Auxiliar axuda a domicilio	12	0
Monitor deportivo	1	0
Monitor tempo libre	1	1
Traballadora social	1	0
Educadora familiar	1	0
Auxiliar servizos sociais	1	0
Técnico de emprego	1	0
Animador deportivo	1	0
Socorrista	2	2

*Segundo.- Expoñer ao público o expediente e darlle a publicidade establecida no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publicando o pertinente anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, ós efectos de que no prazo dos quince días seguintes a súa publicación poidan examinalo os interesados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.*

*Terceiro.- O presente acordo entenderase aprobado definitivamente se durante o prazo de exposición ó público non se presentan reclamacións. Neste caso procederase a súa publicación, debidamente resumido por capítulos, no BOP. Si se presentasen reclamacións, serán resoltas polo Pleno*

*En Mesía, a 17 de febreiro de 2020. O ALCALDE,Asdo. Mariano Iglesias Castro"*

Manifesta o Sr. Alcalde que o orzamento que aquí se presenta conta con todos os documentos legalmente esixibles. O importe dos capítulos de ingresos e gastos constan na proposta da que se lle achegou copia. Agora voules detallar brevemente a qué corresponde cada un dos capítulos.

En canto aos ingresos, o capítulo 1 inclúe os impostos sobre bens inmobles, rústica e urbana, características especiais, vehículos e actividades. Tívose en conta para todos os capítulos a evolución da recadación dos pasados exercicios. No capítulo 2 recóllese o imposto



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2020/G010/000002

de obras. No capítulo 3 recóllense os ingresos derivados de, entre outros, as taxas por recollida de lixo, expedición de documentos, servizo de axuda no fogar, podoloxía e fisioterapia, ou actividades culturais e deportivas. Este ano incluíronse os ingresos previstos polo funcionamento do PAI, incrementándose a previsión do exercicio anterior.

No capítulo 4 recóllense as achegas de entidades supramunicipais, incluíndo a participación nos tributos do Estado e no fondo de cooperación autonómico, así como subvencións da Xunta, tales como o plan concertado de servizos sociais, técnico de emprego, limpeza do CPI ou incendios; tamén inclúe as subvencións da Deputación, como técnico deportivo, socorristas, o gasto corrente do POS ou o convenio de financiamento da aula museo de Brañas da Valga. No capítulo 5 contéplanse os ingresos de aluguer do edificio da farmacia e os intereses das contas nos bancos. O montante total dos ingresos correntes, 1.970.480,36€ son suficientes para atender o gasto corrente, que ascende a 1.796.491,37€, resultando que a diferenza é a cantidade destinada polo concello a inversión con fondos propios, como máis adiante lles comentarei ao falar do anexo de inversións, que se relaciona co capítulo 7 de ingresos. Este ano descenden as aportacións supramunicipais, xa que o ano pasado tivemos a subvención do PAI. No capítulo 8 conségnanse 2.000,00 € para o caso de reintegro de anticipos ao persoal.

En canto aos gastos, o capítulo 1 supón o 34% do orzamento e comprende as retribucións do persoal funcionario, laboral e cargos con dedicación exclusiva, incluíndo os incrementos legais e a subida do salario mínimo interprofesional. A plantilla, trinta e nove persoas, está composta por catro funcionarios, trinta e tres laborais e dous políticos. Hai catro vacantes, dous socorristas, un monitor que se prevé, no seu caso, para o verán, e un peón para nove meses. No capítulo 2 inclúese o gasto de funcionamento ordinario do concello, arrendamentos, reparacións, materiais ou subministros, tales como alumeadado público, servizos informáticos, alarmas, ascensores, gasóleo, seguros, xestoría, abastecemento de auga, alcantarillado, o canon de SOGAMA, abarcando tanto os gastos da casa consistorial como da casa da cultura, locais sociais e demais instalacións municipais. Tamén inclúe o gasto en maquinaria e vehículos municipais, así como o custe estimado do funcionamento do PAI. Incrementábase respecto do pasado exercicio por insuficiencias detectadas nalgunhas partidas o pasado ano. No capítulo 3 recóllense os gastos financeiros, por si hai que atender algún gasto bancario. No capítulo 4, transferencias correntes, contéplase crédito para atender gastos de emerxencia social, xantar na casa, nacemento de fillo ou a cota á Mancomunidade de Ordes, así como as subvencións nominativas aos equipos de fútbol, 6.000,00€ ao de Visantoña e 3.500,00€ ao de Mesía, e a viaxe de fin de curso dos alumnos do último curso de 4º da ESO.

En canto aos investimentos do capítulo 6, ascenden a 702.974,34 €, e supoñen o 28% do orzamento, aportando fondos propios o concello nun 24% do total, a Xunta, o 12 %, e a Deputación, o 63%. Contéplanse os seguintes investimentos: Parque infantil Cabrui, 42.134,50 €, con aportación da Xunta; inversións en parques e xardíns, terreos, 25.000,00€, e maquinaria, 27.000,00 €; adecuación entorno PAI, 42.000,00 €; adquisición mobiliario PAI, 24.533,08 €; varanda de seguridade nas Brañas da Valga, 40.158,73 €, cofinanciada pola Xunta, si ben esta subvención, como a do parque infantil, aínda non a concederon; cambio de cuberta no pavillón de Xanceda, do POS, 89.999,96 €; unha cantidade para Infraestruturas deportivas de 5.000,00€; camiño de Albixoi a Cabrui, anualidade 2020, do Agader, 27.813,71 €; camiño de Pousadoiro a Seble, do POS, 30.000,00 €, reposición infraestruturas viaria, 15.000,00 €; camiño da AC-223 ás Pereiras, do POS, 126.617,62 €; camiño da AC-223 ás Barreiras, do POS, 56.045,07 €; camiño do Marco a Picoi, do POS, 56.224,11 €; camiño na Carballeira, do POS, 90.447,56 €.

Por último, no capítulo 8, contéplanse 2.000,00 € para o caso de anticipos ao persoal.

Tratamos de que os orzamentos sexan realistas, sendo cautos para seguir na senda da



estabilidade, non incorrer en desaxustes e ter as arcas saneadas, considerando que estamos subsidiados nun 70%, pero tratando de que atendan as necesidades dos nosos veciños. Os servizos sociais lévanse unha boa parte do orzamento, dezaseis traballadores da plantilla están adicados á xente maior. En definitiva, consideramos que estes orzamentos serán útiles para o noso concello.

Paso a palabra aos voceiros dos grupos municipais para que manifesten o que estimen oportuno.

Manifesta a Sra. Louro que se me facilitaron as bases de execución e outros documentos pero non se me facilitaron os desgloses correspondentes a cada capítulo de gastos, polo que non puiden analizar ben o orzamento. Vounos pedir e ver entón se é susceptible dalgún tipo de impugnación.

Manifesta o Sr. López que nalgunhas cousas estamos de acordo pero noutras non, polo que ímonos abster.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que cadaquén faría un orzamento diferente, iso está claro, e, en canto á falta de información, por parte deste grupo de goberno nunca houbo impedimento de acceso a información, e menos de xeito intencionado, ademais, a notificación da convocatoria do pleno non é competencia miña, ten que dirixirse á secretaría. Pide a palabra o Sr. Secretario, quen manifesta que toda a documentación dos asuntos da orde do día estivo a disposición dos Sres. Concelleiros na secretaría do concello dende que se convocou a sesión, tal como esixe a lei, e ademais remitíuselle á Sra. Louro toda a documentación que expresamente solicitou.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por seis votos a favor, correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e dous abstencións, correspondentes aos concelleiros presentes do PP e do BNG.

## **2. PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS (PMPDIF). ACORDOS QUE PROCEDAN.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

*“PROPOSTA AO PLENO*

*PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS (PMPDIF). ACORDOS QUE PROCEDAN.*

*Visto que con data 17 de agosto do 2018, publícase no DOG o convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, acordo modificada mediante primeira addenda ao convenio, publicada no DOG de 13 de maio do 2019.*

*Visto que o Concello Pleno, en sesión celebrada en data 4 de outubro do 2019, acordou solicitar a adhesión ao citado convenio de colaboración.*

*Tendo en conta a Resolución de data 2 de decembro do 2019 da Consellería de Medio*



Rural de aprobación da solicitude de adhesión do Concello de Mesía, en base a proposta de aprobación, de data 14 de novembro do 2019, emitida pola Comisión de seguimento do convenio.

Recibido neste concello o documento do Plan Municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais (PMPDIF), redactado polo SEAGA, e o Manual básico de procedemento para a planificación da prevención e a execución de competencias en materia de xestión da biomasa nas redes de faixas secundarias, e sendo informado favorablemente polo técnico municipal.

De conformidade co artigo 7.a) da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en relación coa cláusula 4 do citado convenio e o punto 2 do citado Manual básico de procedemento, propoño ó Pleno da corporación, a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o Plan Municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais (PMPDIF).

**SEGUNDO:** Someter o mesmo a información pública polo prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que as persoas que o desexen poidan formular as correspondentes alegacións, observacións e suxestións que estimen pertinentes.

Mesía, 14 de febreiro de 2020. O alcalde, Mariano Iglesias Castro.”

Manifesta o Sr. Alcalde que este proxecto elaborouno SEAGA, e, como xa se dixo neste pleno cando se trouxo o convenio correspondente, permitirá, entre outras cuestións, saber que franxas son susceptibles de acometerse traballos nelas, facilitando aos propietarios a sinatura de contratos para levar a cabo os correspondentes traballos.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes.

### **3. PROXECTO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “BRAÑAS DO ILLÓ - RÍO SAMO III”. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA AO PLENO

PROXECTO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “BRAÑAS DO ILLÓ - RÍO SAMO III”. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Vista a Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (DOG núm. 14, de data 22.01.2020).

Visto o disposto nos artigos. 1, 3 e 18 de dita Orde.

Visto o disposto nos artigos 25 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2020/G010/000002

*réxime local, nos artigos 80 e 86.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia e no artigo 4 do R.D. Legislativo 3/2015, de 23 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de emprego.*

*Visto o disposto nos artigos 11, 47 e 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*

*De conformidade co artigo 47.2.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:*

*1.- Crear unha agrupación entre o Concello de Frades, o Concello de Mesía e o Concello de Ordes para colaborar no desenvolvemento do proxecto denominado “Obradoiro de Emprego Brañas do Illó - Río Samo III”.*

*2.- Encomendar a xestión do proxecto ao Concello de Ordes.*

*3.- Formalizar a encomenda de xestión a través do correspondente convenio administrativo no que se recollerán os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes da agrupación, facultando ao Alcalde de Mesía para a súa sinatura.*

*4.- Aprobar o proxecto técnico dos traballos silvícolas: “Obradoiro de Emprego Brañas do Illó -Río Samo III”, redactado por José Cao Calvo, enxeñeiro agrónomo, cun orzamento de execución de 38.428,52 euros (IVE incluído).*

*5.- Aprobar o proxecto “Obradoiro de Emprego Brañas do Illó - Río Samo III” cun orzamento total de 399.871,81 € coas especialidades de:*

- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309)*
- Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas (AGAR0208).*

*6.- Solicitar da Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao abeiro da dita Orde, unha subvención para o desenvolvemento do proxecto “Obradoiro de Emprego Brañas do Illó - Río Samo III”, por importe de 346.946,00 euros, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.*

*Mesía, 14 de febreiro de 2020.O alcalde, D. Mariano Iglesias Castro.”*

O Sr. Alcalde manifesta que outros anos xa disfrutamos dun obradoiro destas características. O concello debe aportar en torno a dez mil euros e a Mesía corresponderían cinco alumnos para formar durante nove meses, cobrando o salario base, e con dereito ao paro ao finalizar.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por oito votos a favor, unanimidade dos concelleiros presentes, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as nove horas e dez minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2020/G010/000002

Visto e Prace,  
O alcalde,  
D. Mariano Iglesias Castro.